



PREGUNTAS E RESPOSTAS FRECUENTES SOBRE AS SECCIÓN BILINGÜES

1. Que requisitos son necesarios para entrar na sección bilingüe?

Ningún. Só ganas de aprender máis inglés.

2. É máis difícil estudar Oratoria e Física na sección bilingüe?

Non. Os contidos que se imparten na sección bilingüe son idénticos aos que estudan o resto do alumnado que non segue o programa bilingüe.

3. Empréganse os mesmos materiais na sección bilingüe que no programa ordinario?

Os materiais son diferentes e en 3º de ESO emprégase un libro de texto en inglés.

4. Está o alumnado que cursa a materia de xeito bilingüe nun grupo aparte?

Non. O alumnado está no grupo ordinario e desdobran para as clases de Oratoria e Física.

5. O meu fillo está matriculado na sección bilingüe pero os resultados non son os esperados. Pode abandonar a sección bilingüe antes de final de curso?

Non, salvo por decisións xustificadas antes a dirección do centro.

6. Pode un alumno/a trasladado doutro centro incorporarse a sección bilingüe?

É posible baixo a decisión da dirección do centro.

7. O centro oferta clases de reforzo de idioma en inglés polas tardes para o alumnado que curse Oratoria e Física de xeito bilingüe. É obrigatorio a asistencia á esas clases?

As clases de reforzo de idioma polas tardes son voluntarias de xeito que un alumno/a pode cursar Oratoria e Física bilingüe pola mañá e non asistir á clase de reforzo pola tarde.

8. O meu fillo non está matriculado na sección bilingüe pero quere asistir ás clases de reforzo de idioma polas tardes, é posible?

Non, esas clases reducidas son só para o alumnado bilingüe.

9. A efectos reais, que significa estar na sección bilingüe?

No expediente do alumno/a figurará que estudou materias de xeito bilingüe. Ademais, a maior exposición á lingua inglesa significará que a súa competencia nese idioma será maior.